



**8º Congreso Internacional de Molinología
28, 29 y 30 de Abril de 2012
Tui (Pontevedra)**

TÍTULO: "O Asociacionismo como protección do Patrimonio Etnográfico "

BLOQUE TEMÁTICO: Bloque 3. Cultura, Historia, Literatura, Arte y Música sobre el patrimonio etnográfico

AUTOR/A: Xabier Lores Rosal

FILIACIÓN INSTITUCIONAL: ASGAMUI

RESUMEN: Proposta para a unificación de Asociacións locais que teñan como un dos seus fins a restauración, recuperación e conservación de muiños, mediante a creación dunha Federación Galega de Amigos dos Muiños.

PALABRA CLAVE: Asociacionismo. Molinos. Defensa del patrimonio.

KEY WORDS: Asociacionism, mills, heritage defense.

O asociacionismo como protección do Patrimonio etnográfico

Os elementos que constitúen o patrimonio etnográfico son bens de incalculable valor cultural polo significado que aportan á consolidación da cultura dos pobos; as súas pegadas son sinais de xeitos de vida que permiten chegar solucións á realidade cotiáns. Nacen estes elementos de maneira espontánea e na maioría dos casos con espírito colectivo e cooperativista. Con esta intención aparecen os muiños de auga e vento, como máquinas rudimentarias destinadas a solucionar os problemas derivados da transformación dos cereais en fariña como medio de alimentación primaria.

Desenvólvese nos contornos dos muiños unha intensa actividade social que dá lugar a importantes manifestacións culturais, convertindo en leis naturais moitos dos sistemas de explotación e aproveitamento da actividade agrocerealista centrada principalmente no mundo rural. Son moitas as pegadas que esta actividade foi deixando no sustrato cultural das xentes do rural e nalguns casos das vilas e cidades.

Investigadores, estudiosos e curiosos descubren a vida dos antepasados, descifrando científica ou empíricamente as mensaxes que os elementos etnográficos aportan.

Os muiños de auga e vento, convertidos en vestixos do pasado, móstrannos, por unha banda, o seu valor material como arquitectura rústica sen arquitecto, con finalidade utilitarista e inmediata; e por outra, son expoñentes dunha riqueza inmaterial fixada en innumerables lendas, cantigas, refráns, costumes ou oficios artesanais. Nestes dous compoñentes encerranse moitos dos parámetros que configuran a cultura dos pobos.

Sendo deste xeito, é preciso preservar estes sinais como identidade, e así se ven facendo hai anos con iniciativas promovidas a nivel individual, de asociacións ou de Institucións. O resultado está manifesto: en localidades do rural se están a levar a cabo moitas restauracións que serven na actualidade para coñecer o noso pasado máis próximo, respetar, admirar e transmitir xeitos de vida do pasado, e desfrutar das paraxes onde se enclavan estes conxuntos que embelecen a paisaxe.

É xusto, polo tanto, que a sociedade actual siga facendo esforzos por conservar este patrimonio que en definitiva pertence á propia definición dos pobos. Promover o asociacionismo a nivel local, autonómico ou estatal, é unha fórmula que conleva a

conservación e revitalización destes elementos, ao mesmo tempo que serve de canle motivadora para que as Institucións Públicas se impliquen cada vez máis na posta en valor do Patrimonio Etnográfico.

Propoñemos por tanto o afianzamento de asociacións locais e a consolidación de Federacións de Asociacións a nivel Autonómico e Estatal coa finalidade de conservar a significación etnográfica dos muiños de auga e vento no noso país.

Nunha Federación a nivel Autonómico de Galicia, poden participar todas as Asociacións e colectivos que teñan nos seus obxectivos a restauración dos bens etnográficos tanto materiais como inmateriais, a dignificación e recuper da cultura popular; os Concellos e Comunidades de Montes. Esta federación pode estar á súa vez confederada con outras asociacións a nivel de estado como pode ser o caso de ACEM, ou outras federacións a nivel de distintas Comunidades Autónomas.

Rematado o Congreso, crearase unha Comisión Xestora que elabore os primeiros pasos a seguir e que pode estar integrada por un ou dous representantes de cada unha das Asociación con intención de federarse, elaborará os correspondentes estatutos e convocará unha reunión constituinte da que sairá a Acta Fundacional e a primeira directiva da Federación.

Parecenos un camiño axeitado para unificar criterios en canto a protocolos de restauración, darlle novos significados a muiños restaurados, divulgar as realizacións locais, elaborar una guía na que consten todos os muiños restaurados en Galicia, e reforzar as actividades que se estan a levar a cabo en cada localidade editando un calendario e un rotario no que figuren os muiños recuperados e as ofertas de que dispoñen. Isto levaríanos á configuración dun mapa de muiños restaurados no noso país que podería servir de referente para futuras restauracións de muiños con finalidade para moer, para turismo rural, para aulas didácticas, para ecomuseos, ou para rutas de sendeirismo.

É esta unha idea para debate neste Congreso que se concreta en que todos os que vexan interesante dita Federación, deixen a súa constancia escrita para manter un primeiro cambio de impresión da que sairá, se é o caso, unha comisión xestora, como se di máis arriba.

Son moitos os matices que habería que concretar pero a unidade repercutirá en beneficio da propia dinámica que nestes momentos se está a levar a cabo por medio das diferentes

asociacións locais e mesmo por medio de Concellos que contan con restauracións que gozan dun alto nivel de oferta turística, e en moitos casos carecen da suficiente divulgación o que as fan pouco rentables á hora de programar unha determinada actividade.

Creemos, polo tanto, que chega a hora de unificar criterios e actuacións destas actividades que en case todas as localidades, a lo menos de Galicia, se están a repetir, e que desgraciadamente son amplamente descoñecidas.

Animamos a todos os representantes de Asociacións e de Concellos para que se constitúa esta Federación de Asociacións de Amigos dos Muiños en Galicia.